




CONTOS QUE  
CONTAXIAN ILUSION

[bibliotecainfantil.fundaciononce.es](http://bibliotecainfantil.fundaciononce.es)



1

# AITOR AVIADOR



2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



3

## SOBRE O TDAH

(TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE)

As neuronas **LEVAN E TRAEN MENSAXES ATA O NOSO CEREBRO**

coma se se tratasen de milleiros de carteiros. Para que o cerebro poida ordenar toda esa información, existen uns órganos **moi sensibles que o coordinan todo..**

Pode acontecer que eses órganos de coordinación non funcionen completamente ben, polo que a información **vai máis lenta**. Cando a un neno ou a unha nena lle pasa isto, non se pode concentrar do mesmo xeito que o fas ti. Distráense facilmente, son impulsivos e precisan **MOVERSE MOITSIMO**.

Lendo a historia de Aitor, aprenderás a descubrir a cantidade de cousas fascinantes que agochan no seu interior estes **AMIGOS** con TDAH.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

*Tic, tac, tic, tac...*

O tempo pasa e esta lección non me entra.


*Tic, tac, tic, tac...* Vou xogar ás bólas,  
encántanme as de cores rechamantes,  
pero prometínlle a papá que acabaría  
a tempo a tarefa... Buf!



**O reloxo non para de dar voltas...**

Darame tempo de sacar  
os rotuladores que  
brillan na escuridade?...

**TIC, taC,  
tic, taC...**



Vaia, se estades aí.

Perdoádeme, non  
me fixara en vós... Teño  
**tantas cousas na cabeza...**

5

Por fin, atopei a miña colección

**Mirade, mirade,** de gomas de borrar!  
téñoas de todo tipo;  
grandes e pequenas, con olor e sen olor,  
con formas de ferramentas, de animais,  
de xoguetes... Aquí está a **MIÑA**


**FAVORITA,**

esta goma imita un patinete!

**POR CERTO, E O MEU PATINETE?**

Debería estar aquí...

Si, si, xúrovos que o gardei aquí...



6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



TIC, TAC,  
TIC, TAC....

É agora que me dou de conta,  
non vos dixen quen son.  
**non vos dixen quen son.**

Son Aitor, pódevos parecer  
que son un **DISTRAÍDO**  
pero, en absoluto...  
o que me pasa é que me custa  
**concentrar a atención** e  
preciso moverme moito...  
**Por fin!!! Si, aquí está o meu patinete.**

7



Ben, coma vos  
dicía, teño un  
*Trastorno do Déficit  
de Atención e  
Hiperactividade,*  
por iso os médicos  
chámano TDAH.

**Tic, tac,**  
**tic, tac...**

Ai miña nai, o reloxo...



8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Ás veces, no cole aos meus  
compañeiros cústalles  
**XOGAR COMIGO** porque  
me enfado con certa facilidade...



Ademais, preciso o dobre de tempo  
que eles para aprender,  
e **ISO DÁME MOITA CARRAXE** ...


AÍNDA QUE  
NON SON  
NADA TORPE.



9

Agora Francisco, o **meu médico**,

aínda que me dixo que  
non todos os nenos as  
precisan, receitoume  
unha medicina  
que viaxa ao meu



cerebro para  
que ás miñas  
neuronas lles  
chegue a  
información máis  
**RAPIDAMENTE**,

e así evitar que  
me salte ringleiras cando leo, axudar a que  
me saiba mellor as explicacións na clase  
e conseguir que me erga menos do pupitre.


**E ademais teño a Tere, a psicóloga, que nos  
axuda, aos meus pais e a min, con pistas que fan  
que me concentre mellor.**

10

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Papá é un tío grande e comigo o fala todo.  
 As súas conversas axúdanme moitísimo.  
 Mírame aos ollos  
 e dime as cousas que  
 teño que facer  
 amodiño e  
**DE UNHA EN UNHA...**



*"As medicinas non  
 o son todo, Aitor",  
 dime con agarimo,  
 «o teu tesón e o noso  
 cariño serviránche para  
 crecer».*

E é verdade.

11

No cole o meu profe Rafa xa  
 non me corrixe os deberes con *boli vermello*,  
 nin me fai falar en público.  
 Séntame moi preto del e fraccióname a  
 tarefa para que non me sufoque tanto.  
 Ademais, procura que os meus  
**compañeiros xoguen comigo.**



A Idade Media:

- Comenza coas invasións dos visigodos aos francos.
- Acontece o descubrimento de América en 1492.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.


Así, pouco a pouco, a xente de clase  
comeza a coñecerme mellor:  
Convídanme ás súas festas de **ANIVERSARIO**,  
chamame por **TELÉFONO**  
quedamos para ir ao cine...

**TIC, TAC, TIC, TAC...**

Vaia, o reloxo  
lémbrame que teño  
que seguir  
estudando  
matemáticas.


**SE QUERO SER AVIADOR**  
coma o meu pai, teño que  
saber moito de álgebra ...

11



Soño con voar polos aires e dicirle ao  
mundo enteiro que  
**UN PODE SER TODO AQUILO  
QUE SE PROPOÑA...**

Xa sei que vai ser  
un camiño longo,  
pero como di o refrán



"Soñade e vos  
quedaredes curtos..."

**Tic, tac, tic, tac...**

**Fin**

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.